VAS INVESTIR NO RURAL?

TES UN PROXECTO? QUERES CREAR UNHA EMPRESA? AMPLIAR OU MODERNIZAR UNHA EXISTENTE?

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

UTM

GDR
ULLA TAMBRE MANDEO

Teléfono: 981 511 377

Enderezo: Avda Lugo, 41

Pedrouzo (O Pino)

leader@gdrullatambremandeo.gal

www.gdrullatambremandeo.gal

Intensidade das axudas:

Ata 50%

Máx 200.000 euros

LEADER

QUE SE SUBVENCIONA?

- ✓ Maquinaria e equipamentos novos
- ✓ Construción, adquisición e mellora de inmobles
- ✓ Outros: webs, patentes, honorarios técnicos, ...

Nos concellos de:

ARZÚA	BOIMORTO	MELIDE
O PINO	SANTISO	SOBRADO DOS MONXES
TOQUES	TOURO	VILASANTAR

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. Europa invierte no rural

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

galicia o ho camiño

agader

Con data 28 de de decembro de 2017 publicouse a convocatoria de axudas Leader 2018-2019, xestionada polo Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo. O Concello de Touro pertence a este GDR.

A convocatoria Leader 2018-2019 está dotada cun total de 694.982,47 € para o financiamento de ***proxectos produtivos de creación ou mellora de negocios no rural***, para os cales está destinado o 75% dos fondos dispoñibles, así como para proxectos non produtivos promovidos por asociacións sen ánimo de lucro ou Concellos, para o cal se destina o 25% restante.

Os proxectos presentados ata o **31 de marzo** solicitando unha axuda Leader seleccionaranse en concorrencia competitiva. Non obstante, o prazo de solicitude de axudas está aberto todo o ano.

Todas aquelas persoas de Touro que desexen promover un proxecto empresarial, a creación do seu propio negocio ou a mellora dun xa existente, **poden dirixirse ó GDR Ulla Tambre Mandeo para recibir asesoramento sobre a solicitude e características das axudas Leader** nos seguintes enderezos de contacto:
Correo electrónico: leader@gdrullatambremandeo.gal
Teléfono: (+34) 981 511 377
Oficina técnica: Avenida de Lugo, 41 O Pedrouzo-Arca. 15821 O Pino

Características dos proxectos, dos beneficiarios e das axudas:
Requisitos dos proxectos: a) Estar localizados no territorio do GDR que abrangue Touro, O Pino, Arzúa, Boimorto, Vilasantar, Melide, Sobrado, Toques e Santiso, b) Ser viables, c) Axustarse á normativa sectorial que resulte de aplicación, d) **Non estar iniciados** (é moi importante facer a solicitude antes de comezar!) e) Ser finalistas.

Poderán ser beneficiarias das axudas: a) as persoas físicas e xurídicas de carácter privado, b) as entidades públicas de carácter local, c) as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.
Intensidade da axuda:

- para proxectos produtivos, a axuda variará entre un mínimo do 15% e un máximo dun 50% dos gastos subvencionables; sometido ó baremo de valoración do GDR e respectando os límites máximos de contía da axuda segundo as bases reguladoras.

- para proxectos non produtivos, entre un mínimo do 30% e un máximo dun 90% dos gastos subvencionables, segundo se encadre a tipoloxía do proxecto nunha ou outra prioridade da EDL (alta, media ou baixa); sometido ó baremo de valoración do GDR e respectando os límites máximos de contía da axuda segundo as bases reguladoras